

ASUNTO: PROPOSTA DE BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA MELLORAR A EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS FOGARES DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE RISCO E/OU EXCLUSION SOCIAL DURANTE O ANO 2026

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia, atribúe, no seu artigo 27.23, á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de servizos sociais, e, facendo uso desa atribución, regulou e desenvolveu o Sistema galego de servizos sociais que ten como norma principal a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. A lei define os servizos sociais como servizo público destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación mediante intervencións que permitan, entre outros obxectivos, facilitar recursos e itinerarios de integración social a quen se encontra en situación ou risco de exclusión social. Así mesmo, contempla dentro do seu Catálogo de servizos, prestacións económicas que teñen como finalidade, entre outras, paliar situacións transitorias de necesidade.

No artigo 84.2a) da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, establécese que lles corresponde ós concellos a detección das persoas en situación de exclusión e asesoramento e información sobre os recursos existentes e no art 47.6 establécese que as axudas de inclusión social non teñen carácter de subvención.

Por outra parte, o acceso á enerxía é unha necesidade básica. O importe da factura eléctrica incrementouse considerablemente nos últimos anos debido principalmente ao aumento dos custos fixos derivados do déficit de tarifa que se inclúen na factura eléctrica, e que non se poden reducir mediante un menor consumo enerxético. Este feito, unido ao contexto económico actual, dá lugar a que existan familias galegas que non dispoñen das posibilidades económicas mínimas para o pagamento da factura enerxética (tanto de electricidade como de gas).

Así mesmo, as Corporacións locais e en concreto, o Concello de Monforte de Lemos, asume as prestacións e axudas non periódicas en situacións de necesidade, como se establece no Art. 25.2 da Lei 7/1985, de bases de réxime local.

O Concello de Monforte de Lemos considera axeitado e convinte levar a cabo actuacións encamiñadas a paliar ou minimizar estas dificultades nas familias veciñas economicamente máis vulnerables deseñando, a través das presentes bases, unha medida de axudas específica, que lles permitan facer fronte aos gastos enerxéticos de xeito máis doado, coa finalidade de asegurar o acceso continuado á subministracións básicas de enerxía eléctrica, calefacción, auga quente sanitaria e de gas evitando o seu corte, tendo en conta o seu carácter esencial para previr situacións de risco de exclusión social.

Estas axudas encádranse dentro do Programa básico de inclusión social dos servizos sociais comunitarios municipais e ten en conta a nova regulación estatal establecida no Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica así como o Real Decreto-lei 15/2018, do 05 de outubro, de medidas urxentes de transición enerxética e a protección dos consumidores.

Por todo isto, considerando a excepcionalidade da situación exposta,

DISPOÑO:

Bases reguladoras da convocatoria

1-Obxecto e finalidade

O Concello de Monforte de Lemos ten por obxecto establecer o procedemento específico de prestacións económicas non periódicas destinadas a paliar situación transitorias de necesidade social relacionadas co pagamento de subministracións básicas de enerxía eléctrica, gas, gasoil calefacción e outras fontes de enerxía da vivenda das persoas e/ou familias que se atopen nunha situación de vulnerabilidade social que teñan a súa residencia no ámbito municipal de Monforte de Lemos coa finalidade de asegurar o acceso continuado destas subministracións básicas promovendo a mellora da eficiencia enerxética e reforzando os procesos de inclusión social.

Así mesmo, convócanse ditas axudas para o ano 2026.

Para os efectos do previsto nos artigos 2.2.ª) e 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e dado o seu carácter de prestación social, estas axudas non teñen carácter de subvención (segundo o previsto no art 47.6 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia). Así mesmo, o procedemento de concesión destas axudas tramitaranse en réxime de concorrencia non competitiva.

2-Financiamento

A contía prevista para a convocatoria de concesión de axudas dentro do Programa de Mellora da eficiencia enerxética ascende a 25.000 €, con cargo á **aplicación 2310.48001 do Orzamento municipal do Concello de Monforte de Lemos para o ano 2026.**

A concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución de concesión.

3-Tipoloxía

3.1-Os gastos financiábles a través destas axudas corresponderán á vivenda habitual do solicitante e atendendo a súa finalidade poderán ser os seguintes:

- A. Axudas para facer fronte ás facturas de electricidade que estean pendentes de pagamento na data da solicitude.
- B. Axudas para facer fronte ás facturas de gas natural pendentes de pagamento na data da solicitude
- C. Axudas para facer fronte ó gasto de subministro de gasoil para calefacción e/ou auga quente.
- D. Axudas para o subministro de gas butano para electrodomésticos de cociña, quentador e outro equipamento básico da vivenda para a mesma finalidade.
- E. Axudas para outras fontes de enerxía destinada á finalidade destas bases, previa

valoración técnica dos servizos sociais.

F. Axudas para facer fronte ás facturas de instalación/ reparación de caldeiras ou adquisición doutros equipamentos que constitúan unha fonte de enerxía tales como quentadores, estufas... e que estean pendentes de pagamento na data de solicitude.

3.2- Estas axudas son **subsidiarias e complementarias** daquelas que lle podan corresponder no marco das medidas específicas dirixidas a persoas en situación de vulnerabilidade para a mesma finalidade desenvolvidas por calquera administración pública.

3.3-No caso das axudas para gas natural /gasoil destinadas ó mantemento do servizo de calefacción, atenderanse as solicitudes presentadas nos meses correspondentes a tempada de frío.

3.4- Así mesmo, poderán ser obxecto das axudas os custos ocasionados para restablecer os subministros no caso en que se producise o corte destes.

4- Persoas beneficiarias

Poderán solicitar esta axudas as persoas ou unidades de convivencia residentes no Concello de Monforte de Lemos que os servizos sociais valoren que se atopan en situación ou risco de exclusión social que cumpran os requisitos de acceso establecidos no punto 5º e as condicións reguladas nestas bases.

A efectos destas bases, considérase como situación de risco de exclusión social aquela provocada pola ausencia ou insuficiencia de recursos económicos para afrontar as necesidades básicas da unidade familiar e no seu caso a concorrencia doutros factores que ponderados polos servizos sociais comunitarios condicionen negativa e/ou gravemente a inclusión social.

Así mesmo, considérase unidade de convivencia o conxunto de persoas que viven no mesmo domicilio. A determinación dos membros da unidade de convivencia realizarase atendendo á situación existente no momento da solicitude e tendo en conta os datos que figuren no padrón municipal.

5- Requisitos

5.1-Poderán solicitar e ser beneficiarias destas axudas aquelas persoas ou unidades de convivencia que reúnan os seguintes requisitos:

- a. Ser maior de idade ou menor emancipado con menores a cargo.
- b. Que o solicitante e a unidade familiar independente solicitante estén empadroados e teñan residencia efectiva no termo municipal de Monforte de Lemos cunha antigüidade mínima e ininterrompida de 6 meses. Excepcionalmente, atendendo as circunstancias sociais do caso, poderase eximir do período mínimo de residencia segundo valoración técnica dos servizos sociais.
- c. Acreditar a situación de necesidade social pola que demanda a axuda orixinada pola

insuficiencia de ingresos para afrontar os gastos derivados da situación que xustifica a solicitude de axuda.

Considéranse ingresos insuficientes para a aplicación desta medida os ingresos mensuais da persoa solicitante e no seu caso da unidade familiar incluídos salarios, pensións, prestacións, subsidios, rendas e calquera outros ingresos que non superen os importes establecidos, referenciada ó **IPREM anual de 14 pagas vixente no momento da solicitude** e ponderado segundo os membros da unidade familiar como a continuación se indica:

MEMBROS	UNIDADE DE CONVIVENCIA	ÍNDICE IPREM
1		1
2		1,2
3		1,3
4		1,4
5		1,5
6		1,6
7 ou +		1,7

O límite de ingresos establecido no parágrafo anterior poderá incrementarse nun 0,5 no caso de unidades familiares que haxa algún membro con recoñecemento da situación de discapacidade, situación de dependencia, violencia de xénero, familia numerosa, familia monoparental ou outros factores de risco de vulnerabilidade social valorados desde os Servizos sociais municipais.

Ter fixada a súa residencia habitual na vivenda para a que solicita a axuda.

e. Ser o titular do contrato da subministración eléctrica ou gas natural e que esté vixente na data de presentación de solicitudes. No caso de ser titular dun contrato de arrendamento, ser o pagador da correspondente factura de subministro da vivenda e non ter coa persoa arrendadora da vivenda alugada relación conxugal ou de parentesco ata o 3º grao nin constituír con aquél unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade conxugal.

f. No caso de subministracións eléctricas e gas natural que teñan facturas impagadas.

5.2-Atendida a natureza das axudas reguladas nas presentes bases, en tanto que tratan de facer fronte a situación económicas excepcionais poderá ter a condición de beneficiario aínda cando non cumpran o requisito de estar ó corrente das obrigas tributarias ou da Seguridade social establecido no Art. 13.2e) da Lei xeral de subvencións.

5.3 - De xeito excepcional, poderá eximirse dalgún dos requisitos establecidos previo informe da traballadora social de referencia sempre que existan outras circunstancias sociais que queden acreditadas no expediente.

6- Contía e límite da axuda

1-A contía das axudas determinarase en función do tipo de axuda e da valoración social realizada pola traballadora social de referencia da persoa solicitante e có límite que se establece a continuación:

TIPO AXUDA	LÍMITE DA AXUDA
1-Enerxía eléctrica	Ata un máximo de 250€/ano.
2-Gas natural	Ata un máximo de 250€/ano
3-Gasoil	Ata un máximo de 500€/ano
4-Gas butano	Ata un máximo 150 €/ano
5-Outras fontes de enerxía	Ata un máximo de 300€/ano
6- Instalación / Reparación caldeiras... e equipamento básico(quentador auga,estufas..)	Ata un máximo de 500€/ano

2- Con carácter xeral, establececese un máximo dunha solicitude de axuda do mesmo tipo ó ano por unidade de convivencia, agás os supostos en que, por razóns de grave necesidade, técnicaamente valorada polos servizos sociais municipais se poida exceptuar esta disposición.

3- Nunha mesma solicitude poderase incluír varios tipos de axuda.

4- En todo caso, a determinación da contía económica correspondente a/s axuda/s solicitadas dentro dos límites sinalados no parágrafo primeiro, efectuarase segundo a adecuación da necesidade valorada e segundo as disponibilidades orzamentarias dispoñibles.

7-Compatibilidade da axuda

O importe da axuda concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas das distintas administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo total do gasto.

Así mesmo, estas axudas son incompatibles coas axudas de emerxencia social municipal para a mesma finalidade.

8-Medidas vinculadas ás axudas

A percepción destas axudas comportará ademais o apoio técnico dos servizos sociais comunitarios mediante o establecemento e posterior seguimento dun proxecto de intervención social, que será obrigatorio naqueles casos de solicitantes nos que se valore unha necesidade relacionada coa mellora da organización económica familiar. No proxecto de intervención social vinculado á axuda debe constar expresamente a conformidade da persoa solicitante da axuda.

9-Solicitud e documentación

As persoas interesadas deberán presentar as solicitudes de acordo co modelo normalizado (**Anexo I**) no que se recolle ademais a declaración responsable de percepción ou trámite de axudas para a mesma finalidade doutras Administracións públicas ou entidades privadas, e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- A) **Anexo II.** Domiciliación bancaria
- B) **Anexo III.** Autorización cesión de datos persoais
- C) Copia do documento de identidade en vigor da persoa solicitante e do resto de persoas integrantes da unidade de convivencia maiores de 14 anos.
- D) Copia do libro de familia
- E) Certificado do padrón e convivencia do solicitante onde figuren todas as persoas que conviven no mesmo domicilio, salvo autoricen a consulta desde os Servizos Sociais.
- F) No caso de vivenda familiar en propiedade, copia do último recibo do imposto de bens inmobles
- G) No caso de residir nunha vivenda alugada, copia do contrato de aluguer en vigor.
- H) Acreditación de ingresos da persoa solicitante e unidade familiar no momento da solicitude mediante a seguinte documentación segundo a situación laboral: nóminas, certificados SEPE e Seguridade Social, tarxecta de demanda de emprego e copia da declaración da renda ou datos fiscais relativos ó último exercicio.
- I) Extracto de movementos de todas as contas bancarias das que sexan titulares calquera das persoas que integran a unidade familiar que inclúan os doce meses anteriores á formulación da solicitude.
- J) Ser o titular do contrato de subministración eléctrica. No caso de residir en vivenda alugada constar na factura como titular do pagamento da factura.
- K) No caso de solicitude de axuda por impago de subministro eléctrico ou gas natural, factura de non aboada, emitida pola empresa comercializadora
- L) No caso de solicitude de axuda para gasoil ou outras fontes de enerxía, orzamento dos gastos para os que se solicita a axuda.
- M) No seu caso, copia da resolución de recoñecemento do grao de discapacidade e/ou dependencia do solicitante ou dalgún dos membros da unidade de convivencia.
- N) No seu caso, documentación xustificativa da situación de violencia de xénero.
- O) No seu caso, título de familia numerosa ou certificado de monoparentalidade.
- P) Calquera outra documentación requirida polos servizos sociais para o estudo e valoración da situación de vulnerabilidade social e da idoneidade da axuda solicitada

10-Lugar e prazo presentación solicitudes

As persoas solicitantes presentarán o modelo normalizado que se inclúe no Anexo I acompañada dos documentos que se especifican no punto 9 das bases reguladoras dirixida ó Alcalde do Concello de Monforte de Lemos para a súa tramitación e resolución.

As solicitudes de axuda cubriranse a través do formulario normalizado accesible desde a sede electrónica do Concello (<https://sede.monfortedelemos.es>) e presentarse preferentemente por vía electrónica. Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar as solicitudes presencialmente en soporte papel no modelo normalizado no Rexistro xeral do concello ou no existente no Centro de servizos sociais comunitarios ou en calquera das formas previstas na normativa reguladora do procedemento administrativo.

Excepcionalmente, naqueles casos en que a situación da persoa interesada o faga imprescindible, a persoa profesional de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos poderá iniciar o procedemento de de oficio mediante a emisión dun informe social na que

recolla as circunstancias que motivan a solicitude, sen prexuízo de completar a solicitude e documentación con posterioridade.

O prazo de presentación de solicitudes será a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e estará aberta ata o **18 de decembro de 2026**.

Unha vez recibida a solicitude no caso de que non reunise os requisitos esixidos ou faltase calquera documento preceptivo que deba achegar a persoa solicitante, requirirase a esta para que nun prazo de dez días achegue os documentos requiridos ou emende a falta; no caso de non facelo teráselle por desistida da súa solicitude.

A presentación de solicitudes de axuda ao abeiro das presentes bases implicará a aceptación íntegra do seu contido.

11- Publicidade da convocatoria

As bases reguladoras publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado ao BOP do seu extracto, sen prexuízo da súa inserción na páxina www.monfortedelemos.es.

12-Procedemento de concesión

A ordenación e instrución do procedemento corresponderalle ós servizos sociais comunitarios municipais da Concellería de servizos sociais e discapacidade que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación das circunstancias sociofamiliares en virtude das cales debe formularse o informe-proposta de resolución.

O estudo e valoración da solicitude iniciada a solicitude da persoa interesada o no seu caso das circunstancias que xustifican o inicio do expediente de oficio, corresponderá a traballadora social de referencia da persoa ou unidade de convivencia solicitante quen emitirá o informe social no que reflectirá a valoración técnica e proposta de idoneidade da axuda solicitada, de acordo cos requisitos e as características das axudas. Así mesmo, no seu caso, establecerá o a proposta de proxecto de intervención social vinculado á axuda.

A persoa coordinadora dos servizos sociais, visto o informe social da traballadora social de

referencia e a documentación achegada ó expediente así como á vista da dispoñibilidade orzamentaria e cumprimento condicións establecidas nas bases reguladoras, realizará un informe-proposta conformado pola Concelleira de servizos sociais e discapacidade que recollerá a idoneidade da concesión da axuda coa súa contía ou no seu caso os motivos de denegación da axuda. A proposta de resolución elevarase á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver segundo decreto de delegación de competencias de 19.06.2023. De xeito excepcional, no caso de acreditarse unha situación de necesidade que requira unha intervención urxente e inmediata o expediente poderase resolver mediante resolución da Alcaldía.

Toda alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión da axuda poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, tal e como se establece no artigo 17 da lei de subvencións de Galicia.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de 1 mes a contar desde a entrada da solicitude no Rexistro municipal. Non obstante, debido ó carácter extraordinario e urxente das axudas o procedemento tramitarase e resolverase con celeridade e na maior brevidade posible.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto nos artigos 40 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións públicas. Transcorridos tres meses sen que os interesados obteñan resposta expresa á súa solicitude, entenderase desestimada a súa petición.

13-Recursos

As resolucións expresas que se diten ao abeiro da presente convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses trala notificación da resolución. Se a resolución é presunta por silencio administrativo, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ou directamente o contencioso-administrativo en calquera momento a partir do día seguinte a que se produzan os efectos do silencio.

14-Pagamento das axudas

Con carácter xeral, e co fin de garantir a súa aplicación finalista, as axudas serán aboadas directamente polos servizos económicos municipais, responsables da xestión orzamentaria das axudas e da emisión da orde de pago e posterior transferencia, en nome do beneficiario/a, na conta bancaria da persoa ou entidade prestadora do servizo a favor deles tendo a consideración de “pagamento por terceiros”. Para estes efectos, a persoa interesada autoriza ó Concello para que realice o pagamento.

O Concello non se fará responsable da imposibilidade de efectuar o ingreso por causas alleas á propia tramitación do expediente.

De xeito particular, cando as circunstancias do caso ou tipoloxía da axuda o requira poderase

aboar directamente á conta bancaria da persoa beneficiaria, quen deberá xustificar o gasto efectuado mediante factura no prazo de 10 días desde a recepción da axuda.

15-Xustificación do gasto

A xustificación do gasto acreditarase mediante facturas de pagos e gastos realizados que deberán cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

O incumprimento da obriga de xustificar o gasto consonte o establecido nos parágrafos anteriores poderá constituír unha infracción sancionable de conformidade co establecido nos Art.52 e seguintes da Lei xeral de subvencións. En todo caso, poderá supor a perda durante un prazo de ata 2 anos da posibilidade de obter a axuda municipal regulada nas presentes bases en vindeiras convocatorias.

16-Renuncia

A renuncia á axuda concedida poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da lei 39/2015, do 13 de xullo, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

17-Obrigas das persoas beneficiarias das axudas

A persoa beneficiaria das axudas estará obrigada:

- A. Destinar a axuda concedida ós fins para os que se concede.
- B. Xustificar a axuda concedida no prazo de 10 días desde o seu ingreso, cando este se efectúe directamente á persoa beneficiaria.
- C. Comunicar por escrito calquera cambio das circunstancias declaradas na solicitude da axuda ós efectos da valoración da axuda no prazo de 5 días, que pudieran dar lugar a súa revisión. Achegar calquera documentación necesaria para o seguimento da axuda e someterse a as actuacións de comprobación que deban realizarse desde os servizos sociais.
- D. Proporcionar información veraz sobre as circunstancias persoais, familiares e económicas e colaborar cós servizos sociais para a verificación de dita información.
- E. Solicitar as axudas para a mesma finalidade que tivesen dereito como consumidor vulnerable, segundo o establecido no RD-lei 15/2018, do 5 de outubro. Para tales efectos, os servizos sociais comunitarios informarán sobre o dereito a solicitalas e os trámites necesarios antes de tramitar estas axudas.
- F. Comunicar a concesión doutras axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entidade pública ou privada.
- G. Participar activamente nas accións establecidas no proxecto de intervención social. O seu incumprimento poderá implicar a imposibilidade de solicitar unha nova axuda municipal en próximas convocatorias segundo a natureza circunstancias do caso, tendo en conta entre outros

o grao de incumprimento, a reincidencia... e ponderando as consecuencias que poda conlevar no caso de unidades familiares da que formen parte persoas menores ou con discapacidade.

18-Revogación e réxime sancionador

O incumprimento, total ou parcial das condicións establecidas nestas Bases ,e en especial a ocultación ou falseamento de datos ou calquera actuación fraudulenta o falseamento das condicións requiridas para acceder ás axudas, a utilización destas para finalidades distintas das previstas, o incumprimento da obriga de xustificación ou a duplicidade que infrinxa o regulados nas bases sobre compatibilidade, constituirán causas determinantes da revogación da axuda concedida, coa conseguinte obriga de reintegro e da perda do dereito a solicitar estas axudas en posteriores convocatorias.

19-Disposición final

Para os supostos non previstos nas presentes bases estarase de xeito supletorio ao disposto na Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvencións municipais, bases de execución do orzamento municipal, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.